

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 2 —



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 2 —

ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

CERTIFICACIÓN:

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no pleno extraordinario realizado o 02/11/2023 acordouse
tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación
sociolaboral de Galicia en 2022, elaborado por encargo do
Consello Galego de Relacións Laborais

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

2.1. INTRODUCCIÓN

2.2. ESTRUCTURA E DINÁMICA EMPRESARIAL GALEGA

CADRO 2.1.A. EMPRESAS ACTIVAS, POR SECTOR ECONÓMICO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2022

- GRÁFICO 2.1. VARIACIÓN RELATIVA DO NUM. DE EMPRESAS REXISTRADAS POR CC.AA 2021-2022
- GRÁFICO 2.2. TAXA DE VARIACIÓN DO NUM. DE EMPRESAS REXISTRADAS. GALICIA. ESPAÑA. 2003-2022

CADRO 2.1.B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2017-2021

CADRO 2.2. EVOLUCIÓN DO NUM. TOTAL DE EMPRESAS. GALICIA/ESPAÑA. 2007-2022

CADRO 2.3.A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1995-2022

CADRO 2.3.B. EVOLUCIÓN INTERANUAL NUM. EMPRESAS. 2010-2022

- GRÁFICO 2.3. NUM. DE EMPRESAS POR PROVINCIAS. 2010-2015-2022
- GRÁFICO 2.4. % PROVINCIAL NO TOTAL DE EMPRESAS EN GALICIA. 2000-2022

CADRO 2.4.A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS⁽¹⁾. GALICIA/ESPAÑA. 2011-2022

- GRÁFICO 2.5. PESO RELATIVO DAS EMPRESAS NOS SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA. 2007-2022
- GRÁFICO 2.6. EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2022

CADRO 2.4.B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2017-2021

CADRO 2.4.C. EVOLUCIÓN NUM. EMPRESAS POR PROVINCIA. 2015-2021

- GRÁFICO 2.7. TAXA DE CRECEMENTO INTERANUAL DO NUM. DE EMPRESAS POR PROVINCIA.2008-2022

CADRO 2.5. EMPRESAS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022

- GRÁFICO 2.8. EVOLUCIÓN DO NUM. DE SOCIEDADES EN GALICIA. 2021-2022

CADRO 2.6. EMPRESAS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO, POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022

- GRÁFICO 2.9. VARIACIÓN RELATIVA ANUAL DE EMPRESAS POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO.GALICIA 2010-2022

CADRO 2.7.A. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO.GALICIA. 2021

CADRO 2.7.B. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2020-2021

CADRO 2.8. % EMPRESAS CON E SEN PERSOAL ASALARIADO. GALICIA E PROVINCIAS, ESPAÑA. 2000-2022

CADRO 2.9. NÚMERO DE EMPRESAS, POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

CADRO 2.10. NÚMERO DE EMPRESAS POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO⁽¹⁾. GALICIA/ESPAÑA. 2000-2022

- GRÁFICO 2.10. TAXA DE DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL POR TAMAÑO DE EMPRESA. GALICIA 2019-2021

CADRO 2.11. SOCIEDADES MERCANTÍS CREADAS E DISOLTAS. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2022

- GRÁFICO 2.11. SOCIEDADES MERCANTÍS CREADAS.GALICIA/ESPAÑA. 2008-2022

- GRÁFICO 2.12. SOCIEDADES MERCANTÍS DISOLTAS. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2022

- GRÁFICO 2.13. TAXA DE VARIACIÓN ANUAL CREACIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. POR CC.AA. 2020-2022

- GRÁFICO 2.14. TAXA DE VARIACIÓN ANUAL DISOLUCIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. POR CC.AA. 2020-2022

CADRO 2.12. TAXA DE CRECEMENTO ANUAL SOCIEDADES MERCANTÍS CONSOLIDADAS E DISOLTAS. 2010-2022

- GRÁFICO 2.15. PROMEDIO DE CREACIÓN E DISOLUCIÓN DE SOCIEDADES MERCANTÍS. GALICIA 2009-2022

- GRÁFICO 2.16. % SOCIEDADES GALEGAS NO TOTAL DO ESTADO. 2008-2022

CADRO 2.13A. CAPITAL SUSCRITO POLAS SOCIEDADES MERCANTÍS. GALICIA/ESPAÑA. 2017-2022

CADRO 2.13B. SOCIEDADES MERCANTÍS QUE AMPLÍAN CAPITAL. 2017-2022

- GRÁFICO 2.17. CAPITAL AMPLIADO MEDIO. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2022

CADRO 2.14. SOCIEDADES MERCANTÍS DISOLTAS.GALICIA/ESPAÑA. 2017-2022

- GRÁFICO 2.18. ÍNDICE DE ROTACIÓN. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022

CADRO 2.15. DEBEDORES CONCURSADOS. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2022

CADRO 2.16. DEBEDORES CONCURSADOS. DESAGREGACIÓN EN DISTINTAS VARIABLES. GALICIA. 2012-2022

GRÁFICO 2.19. TIPOLOXÍAS DE SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022

GRÁFICO 2.20. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR PROVINCIAS. GALICIA. 2022

CADRO 2.17. EMPRESAS CONCURSADAS POR TRAMOS DE PERSOAL ASALARIADO, VOLUME DE NEGOCIO E ACTIVIDADE ECONÓMICA PRINCIPAL. GALICIA. 2018-2022

- GRÁFICO 2.21. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR SECTOR. GALICIA. 2017-2022

CADRO 2.18. NUM. PROCEDEMENTOS CONCURSAIS POR IDADE DAS SOCIEDADES. GALICIA. 2012-2022

2.3. ANÁLISE DE ENQUISAS INDUSTRIAIS

2.3.1. ESTATÍSTICA ESTRUCTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR INDUSTRIAL

CADRO 2.19. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR INDUSTRIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

CADRO 2.20. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA CIFRA DE NEGOCIOS, POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2009-2021

- GRÁFICO 2.22. PARTICIPACIÓN DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA NA CIFRA DE NEGOCIOS DO SECTOR INDUSTRIAL. 2021

- GRÁFICO 2.23. PARTICIPACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS SECTOR INDUSTRIAL POR CC.AA. 2009-2021

CADRO 2.21. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GALICIA NO ESTADO NAS PRINCIPAIS VARIABLES DA INDUSTRIA. 2001-2021

2.3.2. ESTATÍSTICA ESTRUCTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR COMERCIO

CADRO 2.22. MAGNITUDES NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

CADRO 2.23. VARIACIÓN INTERANUAL NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2020

CADRO 2.24. VALOR DA PRODUCCIÓN COMERCIALIZADA, POR GRANDES AGRUPACIÓNS. GALICIA. 2021

2.3.3. ESTATÍSTICA ESTRUCTURAL DE EMPRESAS DO SECTOR SERVIZOS

CADRO 2.25. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SEVIZOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

CADRO 2.26. VARIACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS E PERSOAL OCUPADO NO SECTOR SERVICIOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2020-2021

- GRÁFICO 2.24. VARIACIÓNS SECTOR SERVICIOS. ESPAÑA/GALICIA. 2020-2021

CADRO 2.27. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVICIOS. GRUPOS PRINCIPALES. GALICIA/ESPAÑA. 2021

CADRO 2.28. ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL ESTIMADOS. 2015-2022

- GRÁFICO 2.25. DISTRIBUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS POR PROVINCIAS. 2022

CADRO 2.29. DESTINOS TURÍSTICOS EN GALICIA. NOITES. 2011-2022

- GRÁFICO 2.26. ORIGE DO TURISMO EN GALICIA. 2021
- GRÁFICO 2.27. TURISMO EN GALICIA. 2015-2022

CADRO 2.30. PERSOAS VIAXEIRAS E NOITES EN ESTABLECEMENTOS POR PROCEDENCIA. GALICIA. 2016-2022

- GRÁFICO 2.28. ESTANCIA MEDIA POR ORIGE DA PERSOA. 2015-2022

2.3.4. INDICADORES CONXUNTURAIS: ÍNDICE DE CIFRA DE NEGOCIOS, DA PRODUCCIÓN E DE PREZOS

CADRO 2.31. INDICE DE NEGOCIOS NA INDUSTRIA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2018-2022

- GRÁFICO 2.29. VARIACIÓN DO ICN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2022

CADRO 2.32. VARIACIÓN DO ÍNDICE XERAL DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL*. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2018-2022

- GRÁFICO 2.30. VARIACIÓN DO IPI POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2022

CADRO 2.33. ESTRUCTURA IPI*. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2022

- GRÁFICO 2.31. VARIACIÓN DO IPI. GALICIA 2021-2022

2.4. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN (I+D+I)

- GRÁFICO 2.32. PERSOAL I+D. 2021

CADRO 2.34. GASTOS INTERNOS E PERSOAL EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.2021

- GRÁFICO 2.33. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB) POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

- GRÁFICO 2.34. GASTO EN I+D (% SOBRE PIB). GALICIA. 2000-2021

CADRO 2.35. GASTOS INTERNOS TOTAIS EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2021

CADRO 2.36. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DOS GASTOS INTERINOS TOTAIS EN I+D. POR CC.AA. E SECTOR DE EXECUCIÓN.2021

• GRÁFICO 2.35. GASTO EN I+D POR SECTORES INDUSTRIAIS. GALICIA. 2021

CADRO 2.37. GASTOS TOTAIS EN I+D. (POR SECTOR).ESPAÑA. 2021

CADRO 2.38. PERSOAL EN ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2021

CADRO 2.39. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2021

CADRO 2.40. PERSOAL INVESTIGADOR EN ACTIVIDADES EN I+D. POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS E SECTOR DE EXECUCIÓN. 2021

CADRO 2.41. % MULLERES NO PERSOAL DE ACTIVIDADES EN I+D POR COMU- NIDADES AUTÓNO MAS. 2021

CADRO 2.42. % TOTAL DO PERSOAL POR SECTORES E COMUNIDADES AUTÓNO MAS (MULLERES). 2021

CADRO 2.43. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GASTOS RESPECTO AO PIB A PREZOS DE MERCA- DO. POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS. 2000-2021

CADRO 2.44. % PORCENTAXE DE GASTO EN I+D SOBRE O PIB. PAISES OCDE. EUROPA. 2016-2021

• GRÁFICO 2.36. EVOLUCIÓN DO GASTO EN I+D SOBRE PIB. DIFERENCIAL COA MEDIA EU-27. GALICIA/ESPAÑA. 2008-2021

2.5. INNOVACIÓN TECNO- LÓXICA NAS EMPRESAS

CADRO 2.45. PRINCIPAIS INDICADORES DE I+D EN EMPRESAS, POR TIPO DE EMPRESA E COMUNIDADES AUTÓNO MAS. 2020

CADRO 2.46. EMPRESAS INNOVADO- RAS POR COMUNIDADES AUTÓNO MAS E TIPO DE INNOVACIÓN. 2018-2020

• GRÁFICO 2.37. EMPRESAS INNOVADORAS POR TIPO DE INNOVACIÓN. % GALICIA SOBRE TOTAL ESPAÑA. 2018-2020

CADRO 2.47. EMPRESAS E GASTO EN ACTI- VIDADES INNOVADORAS SEGUNDO ONDE SE REALIZA O GASTO (MILES DE €). 2020

• GRÁFICO 2.38. GASTO MEDIO EN INNOVACIÓN DAS EMPRESAS (MILES DE €). 2020

CADRO 2.48. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PRIVADO. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2020

CADRO 2.49. % EMPRESAS CON ACTIVIDADES INNOVADORAS POR TIPO DE FINANCIAMENTO PÚBLICA. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2020

CADRO 2.50. % EMPRESAS POR FACTORES QUE DIFICULTAN A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INNOVADORAS. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2020

CADRO 2.51. % EMPRESAS POR TIPO DE ESTRATEXIA MÁIS IMPORTANTE. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2020

CADRO 2.52. % EMPRESAS POR TIPO DE TECNOLOXÍA MÁIS IMPORTANTE. GALICIA/ESPAÑA. 2018-2020

2.1. INTRODUCCIÓN

Este capítulo resume a evolución da economía de Galicia dende unha perspectiva microeconómica, realizando unha análise da principal información do seu tecido produtivo e empresarial. Así mesmo, inclúese unha revisión das principais políticas públicas desenvolvidas polas diferentes administracións para o seu desenvolvemento.

O capítulo consta de tres partes claramente diferenciadas. A primeira describe a estrutura empresarial, salientando á súa evolución recente a través dos principais datos das empresas (tamaño, distribución, sector de actividade ou persoas empregadas) e a súa estrutura societaria. Iso posibilita obter unha visión simplificada da xeografía empresarial galega, que será obxecto de comparación con outros ámbitos autonómicos ou estatais. Para esta parte utilízanse datos obtidos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE); os fornecidos nas bases do Instituto Galego de Estatística (IGE), e os incluídos no Rexistro Mercantil.

A segunda parte realiza unha análise sectorial a través de enquisas estruturais do INE, revisando os tres sectores principais de actividade económica (industrial, comercial e de servizos). Seguindo a mesma estrutura que no apartado previo, realízase unha comparación da evolución dos datos na comunidade galega co acaecido no resto do Estado, para poder estimar a súa evolución relativa.

Finalmente, procédese coa revisión dos indicadores principais das enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía do INE.

2.2. ESTRUTURA E DINÁMICA EMPRESARIAL GALEGA

A descrición da evolución e estado da estrutura empresarial na comunidade galega iníciase coa revisión do seu número de empresas desagregado en función de distintos criterios: sectores de actividade, número de persoas asalariadas, ou natureza xurídica, por exemplo. A dita análise permite achegar unha visión da demografía empresarial galega próxima á realidade, así coma unha panorámica comparativa en relación á situación a nivel nacional.

Neste apartado cómpre sinalar que as fontes estatísticas distinguen entre empresas e unidades locais. As primeiras son aquelas entidades organizativas de produción de bens e servizos que exercen a súa actividade nun ou varios lugares, mentres que as unidades locais son empresas (ou parte delas) situadas nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas. Para as análises incluídas neste capítulo utilizarase de forma preferente o número de empresas, incluíndo as unidades locais naqueles casos nos que acheguen información substancial.

Os datos proceden do DIRCE, segundo a explotación proporcionada polo INE. Este directorio inclúe datos estatísticos de empresas combinados con datos da Seguridade Social, os procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os de Rexistro Mercantil. A información refírese á situación a día 1 de xaneiro e non inclúe as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das administracións públicas (aínda que si as empresas públicas). O [cadro 2.1a](#) resume estes datos en para 2022.

CADRO 2.1.A. EMPRESAS ACTIVAS, POR SECTOR ECONÓMICO E COMUNIDADE AUTÓNOMA.
2022

	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servizos
España	3.430.663	192.211	425.251	714.227	2.098.974
Andalucía	545.502	28.538	60.801	133.636	322.527
Aragón	89.376	6.288	11.514	17.271	54.303
Asturias	68.068	3.394	8.088	13.709	42.877
Baleares	101.236	4.759	17.326	15.610	63.541
Canarias	151.846	5.546	16.746	30.781	98.773
Cantabria	38.960	1.989	5.530	7.601	23.840
Castela e León	157.730	11.252	22.496	35.018	88.964
Castela-A Mancha	129.626	10.986	20.171	31.270	67.199
Cataluña	634.223	34.811	75.923	120.409	403.080
C. Valenciana	374.917	23.971	46.231	82.961	221.754
Extremadura	67.254	4.746	8.515	18.711	35.282
Galicia	196.530	11.724	27.631	43.697	113.478
Madrid	558.607	20.553	61.834	93.205	383.015
Murcia	97.014	7.079	12.514	24.110	53.311
Navarra	45.738	3.915	6.565	9.132	26.126
País Vasco	142.904	10.298	19.886	29.057	83.663
A Ríoxa	22.532	2.190	2.777	4.753	12.812
Ceuta e Melilla	8.600	172	703	3.296	4.429

Fonte: INE, DIRCE.


O número de empresas activas en España a 1 de xaneiro de 2022 é de 3.430.663, 64.093 máis que o ano anterior, o que supón un incremento do 1,9% fronte ao descenso do 1,1% rexistrado entre 2021 e 2020. As empresas do sector servizos son principais responsables deste incremento, crecendo un 2,7% sobre as empresas rexistradas en 2021. A continuación, salienta o sector da construción, cun incremento do 2,0%.

O sector servizos considerado no seu conxunto (comercio e resto de servizos) mantén o dominio no tecido empresarial, acadando preto dun 82% do total de empresas. Esta participación é claramente superior á participación das empresas de construción ou industriais (12,4% e 5,6%, respectivamente). No relacionado coa distribución territorial, mantense as tendencias detectadas en anos precedentes. Así, o 61,46% das empresas concéntranse en Cataluña (18,5%), Madrid (16,3%), Andalucía (15,9%) e a Comunidade Valenciana (10,9%), consolidándose o cuarto período consecutivo de incremento de participación destas catro comunidades no tecido empresarial do Estado.

En 2022 a comunidade galega rexistra 196.530 empresas, 1.873 máis que o ano precedente (un aumento do 1,0%). Así, Galicia mantén un ano máis a quinta posición na participación empresarial, achegando un 5,7% das empresas españolas. Tamén en Galicia predomina con claridade o sector servizos (79,9%) fronte ao industrial (5,9%) ou o das empresas da construción (14,1%). A concentración relativa de empresas galegas industriais, de construción e comerciais é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

O **GRÁFICO 2.1** amosa as variacións relativas do número de empresas rexistradas en cada comunidade ou cidade autónoma no período 2021-2022, rexistrando unicamente perdas nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.


GRÁFICO 2.1. VARIACIÓN RELATIVA DO N° DE EMPRESAS REXISTRADAS POR CC.AA. 2021-2022



Elaboración propia con datos de DIRCE (INE).

A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (**GRÁFICO 2.2**) permite constatar que o tecido empresarial da comunidade galega racha en 2022 co proceso de desaceleración iniciado en 2015, amosando unha recuperación entre 2021 e 2022, aínda que inferior á mellora experimentada a nivel nacional.

GRÁFICO 2.2. TAXA DE VARIACIÓN DO N° DE EMPRESAS REXISTRADAS. GALICIA. ESPAÑA. 2003-2022



Elaboración propia con datos de INE.

A información anterior pódese completar cos datos das empresas con actividade en Galicia (IGE), que inclúe empresas pero tamén as unidades locais e as organizacións do sector primario ([cadro 2.1b](#)). Porén, estes datos inclúen un ano menos (só están dispoñibles ata 2021), polo que non reflicten o recente aumento das empresas.

CADRO 2.1.B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2017-2021									
	Nº empresas					Nº empresas			
	2017	2018	2019	2020	2021	17-18	18-19	19-20	20-21
1 Agricultura e pesca	40.616	41.233	40.945	40.918	39.552	1,52%	-0,70%	-0,07%	-3,34%
2 Industria, incluída a enerxía	14.766	14.712	14.708	14.035	13.703	-0,37%	-0,03%	-4,58%	-2,37%
3 Construción	31.609	31.350	30.883	29.330	28.820	-0,82%	-1,49%	-5,03%	-1,74%
4 Servizos	158.667	160.336	161.709	161.377	159.172	1,05%	0,86%	-0,21%	-1,37%
Total	245.658	247.631	248.245	245.660	241.247	0,80%	0,25%	-1,04%	-1,80%

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

Así mesmo, manifestase, unha vez máis, a perda de peso relativo das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado iniciada en 2014 ([cadro 2.2](#)). En concreto, a participación no recente 2022 é a menor da serie observada (5,7%).

CADRO 2.2. EVOLUCIÓN DO Nº TOTAL DE EMPRESAS. GALICIA/ESPAÑA. 2007-2022								
Ano	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	200.020	203.374	201.263	198.874	196.535	194.511	192.998	191.745
España	3.336.657	3.422.239	3.355.830	3.291.263	3.250.576	3.199.617	3.146.570	3.119.310
%	5,99	5,94	6,00	6,04	6,05	6,08	6,13	6,15
Ano	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Galicia	195.595	197.538	198.923	200.801	200.972	197.813	194.657	196.530
España	3.186.878	3.236.582	3.282.346	3.337.646	3.363.197	3.404.428	3.366.570	3.430.663
%	6,14	6,10	6,06	6,02	5,98	5,81	5,78	5,73

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O [cadro 2.3a](#) completa esta información, ampliando o marco temporal de análise e engadindo a distribución xeográfica das empresas en Galicia e nas súas provincias. A dita información permite tirar as seguintes conclusións principais:

- Confírmase a distribución asimétrica de empresas entre as provincias galegas, onde as localizadas na Coruña e Pontevedra (sete de cada dez) son claramente superiores ás situadas nas provincias orientais.
- En 2022 as empresas da provincia coruñesa rachan coa senda decrecente iniciada en 2017, cando empezaron a perder protagonismo en favor dun maior crecemento de empresas na provincia de Pontevedra. Neste ano, ambas as provincias presentan crecementos do 1,2% das súas empresas, fronte a un comportamento máis estable das empresas de Lugo e Ourense (incrementos do 0,2%, respectivamente).
- Estes datos veñen consolidar as tendencias anteriores, cun marcado protagonismo do número de empresas das provincias da Coruña e Pontevedra con cambios de maior intensidade que no resto da comunidade.
- A evolución global do período (1995-2022) reflicte un menor dinamismo empresarial na comunidade galega. O número de empresas aumenta un 33,3%, fronte ao incremento superior ao 49,1% do número de empresas a nivel estatal. As empresas da provincia pontevedresa superan con claridade a media de crecemento do tecido empresarial galego, acadando un 46,6%. Os crecementos son notablemente inferiores en Lugo e Ourense, dun 22,5% e 17,2%, respectivamente.
- No cómputo global do período, as empresas creadas en Galicia representan o 4,3% das empresas de nova creación en España nestes anos.

CADRO 2.3A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1995-2022											
	Nº empresas						Peso relativo provincias/Galicia				Peso relativo Galicia/España
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	41,8%	13,4%	12,9%	31,9%	6,4%
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	41,9%	13,3%	13,0%	31,9%	6,4%
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	41,9%	13,2%	12,9%	31,9%	6,4%
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	41,8%	13,2%	12,8%	32,1%	6,4%
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	40,2%	13,5%	13,1%	33,1%	6,2%
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	41,8%	13,1%	12,6%	32,5%	6,4%
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	41,7%	13,0%	12,6%	32,6%	6,3%
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	40,0%	13,2%	12,8%	34,0%	6,1%
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	41,2%	12,9%	12,4%	33,5%	6,2%
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	41,3%	12,4%	12,2%	34,0%	6,2%
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	41,5%	12,4%	12,1%	34,0%	6,1%
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	41,3%	12,4%	11,9%	34,4%	6,0%
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	41,4%	12,3%	11,8%	34,5%	6,0%
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	41,4%	12,3%	11,7%	34,6%	5,9%
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	41,6%	12,4%	11,6%	34,5%	6,0%
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	41,6%	12,4%	11,6%	34,4%	6,0%
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	41,4%	12,5%	11,7%	34,5%	6,0%
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	41,3%	12,5%	11,7%	34,4%	6,1%
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	41,6%	12,4%	11,8%	34,2%	6,1%
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	41,6%	12,3%	11,8%	34,3%	6,1%
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	41,6%	12,3%	11,7%	34,4%	6,1%
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	41,4%	12,3%	11,6%	34,6%	6,1%
2018	83.313	24.760	23.291	69.437	200.801	3.337.646	41,5%	12,3%	11,6%	34,6%	6,0%
2019	83.316	24.792	23.166	69.698	200.972	3.363.197	41,5%	12,3%	11,5%	34,7%	6,0%
2020	81.599	24.432	22.682	69.100	197.813	3.404.428	41,3%	12,4%	11,5%	34,9%	5,8%
2021	80.233	24.059	22.322	68.043	194.657	3.366.570	41,2%	12,4%	11,5%	35,0%	5,8%
2022	81.161	24.109	22.373	68.887	196.530	3.430.663	41,3%	12,3%	11,4%	35,1%	5,7%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Por outra banda, a análise da evolución interanual recente (2010-2022) das empresas rexistradas anualmente en cada unha das provincias ([cadro 2.3b](#)) confirma a recuperación no ritmo de creación de empresas en todas elas, particularmente notable na de Pontevedra, polo importante cambio de tendencia observado en 2022.

CADRO 2.3.B. EVOLUCIÓN INTERANUAL N°EMPRESAS. 2010-2022						
Ano	Variación anual nº empresas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41
2018	1,10	0,86	0,65	0,88	0,94	1,68
2019	0,00	0,13	-0,54	0,38	0,09	0,77
2020	-2,06	-1,45	-2,09	-0,86	-1,57	1,23
2021	-1,67	-1,53	-1,59	-1,53	-1,60	-1,11
2022	1,16	0,21	0,23	1,24	0,96	1,90

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).


Os **GRÁFICOS 2.3** e **2.4** achegan unha nova perspectiva desta evolución relativa. Malia a existencia dun marco de comportamento relativamente estable, é posible distinguir a concentración empresarial en torno ás provincias atlánticas e o paulatino crecemento da localización de empresas na provincia pontevedresa, fronte a unha ralentización do ritmo de creación de unidades empresariais na da Coruña. Con todo, cómpre sinalar que esta leve desaceleración das empresas coruñesas interrómpese no recente 2022.

GRÁFICO 2.3. N° DE EMPRESAS POR PROVINCIAS.
2010-2015-2022



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

GRÁFICO 2.4. % PROVINCIAL NO TOTAL DE EMPRESAS EN GALICIA.
2000-2022



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A distribución das empresas por sectores económicos (cadro 2.4a) revela unha menor participación das empresas galegas no sector servizos, en conxunto. Obsérvase tamén que o peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega, fronte a unha menor participación das empresas encadradas no “resto de servizos”.

CADRO 2.4A. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS. POR SECTORES ECONÓMICOS ⁽¹⁾.
GALICIA/ESPAÑA. 2011-2022


Sector	2011		2012		2013		2014		2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	7,0	6,8	6,9	6,7	6,8	6,6	6,6	6,4	6,4	6,2	6,2	6,0
Construcción	16,6	15,0	16,3	14,5	15,6	13,5	15,4	13,1	15,2	12,7	15,1	12,6
Comercio	26,0	24,1	25,9	24,2	26,0	24,3	25,8	24,6	25,4	24,0	24,8	23,4
Resto de servicios	50,4	54,2	50,9	54,6	51,7	55,6	52,2	56,2	52,9	57,1	53,8	58,0

Sector	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,3	6,1	6,5	6,2	6,3	5,9	6,1	5,7	6,1	5,7	6,0	5,6
Construcción	14,9	12,3	14,8	12,4	14,8	12,6	14,2	12,3	14,1	12,4	14,1	12,4
Comercio	24,4	23,0	23,9	22,4	23,6	22,0	22,9	21,3	22,7	21,2	22,2	20,8
Resto de servicios	54,4	58,7	54,8	59,0	55,3	59,5	56,8	60,6	57,2	60,7	57,7	61,2

(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.
Fonte: INE, DIRCE.


O **GRÁFICO 2.5**, que reflicte a evolución temporal dende 2007, ilustra o progresivo incremento de participación das empresas encadradas no “resto de servizos” fronte a un descenso leve das comerciais. Pola súa banda, as empresas de construción e industriais presentan un comportamento máis estable.

GRÁFICO 2.5. PESO RELATIVO DAS EMPRESAS NOS SECTORES ECONÓMICOS.
GALICIA. 2007-2022



A análise desta distribución empresarial por sectores ao longo dos últimos anos (**GRÁFICO 2.6**) constata unha paulatina transformación da estrutura empresarial similar en Galicia e España, aumentando a presenza das empresas no sector de “resto de servizos” a costa dunha contracción de empresas industriais, de construción e comercio. Na pasada década, na comunidade galega as empresas do “resto de servizos” aumentan a súa participación en case sete puntos porcentuais, mentres as industriais retroceden un punto, as de construción algo máis de un punto e as comerciais case tres puntos e medio. Pola súa banda, no conxunto de España obsérvase un avance similar das empresas xenéricas de servizos, compensado cunha caída máis pronunciada do sector da construción e menos relevante do sector comercial.

GRÁFICO 2.6. EMPRESAS POR SECTORES ECONÓMICOS.
GALICIA/ESPAÑA. 2015-2022



A análise dos datos do IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia distribuída por provincias (**cadro 2.4b**) non presenta variacións en relación co previamente comentado. Por outra banda, a desagregación provincial dos datos non suxire grandes diferenzas máis aló das relacionadas co diferente tamaño do seu respectivo tecido empresarial. Cómpre lembrar que estes datos non inclúen o ano 2022, o que explica que non se reflicta o crecemento experimentado nese ano.


CADRO 2.4B. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA SEGUNDO ACTIVIDADE PRINCIPAL (GRUPOS CNAE 2009). 2017-2021															
		A Coruña							Lugo						
		2017	2018	2019	2020	2021	ABS	REL	2017	2018	2019	2020	2021	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	100.667	101.520	101.609	99.932	97.981	-1.951	-1,95%	36.904	37.405	37.490	37.300	36.082	-1.218	-3,27%
	Agricultura e pesca	15.382	15.558	15.430	15.216	14.639	-577	-3,79%	11.493	11.917	11.981	12.105	11.349	-756	-6,25%
	Industria, incluída a enerxía	5.700	5.695	5.646	5.325	5.146	-179	-3,36%	1.878	1.865	1.862	1.790	1.764	-26	-1,45%
	Construción	12.947	12.849	12.757	12.011	11.784	-227	-1,89%	4.141	4.136	4.057	3.866	3.798	-68	-1,76%
	Servizos	66.638	67.418	67.776	67.380	66.412	-968	-1,44%	19.392	19.487	19.590	19.539	19.171	-368	-1,88%
		Ourense							Pontevedra						
		2017	2018	2019	2020	2021	ABS	REL	2017	2018	2019	2020	2021	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS	Total	26.996	27.120	26.870	26.528	26.299	-229	-0,86%	81.091	81.586	82.276	81.900	80.885	-1.015	-1,24%
	Agricultura e pesca	3.254	3.269	3.118	3.242	3.297	55	1,70%	10.487	10.489	10.416	10.355	10.267	-88	-0,85%
	Industria, incluída a enerxía	2.112	2.088	2.058	1.954	1.915	-39	-2,00%	5.076	5.064	5.142	4.966	4.878	-88	-1,77%
	Construción	4.226	4.180	4.038	3.820	3.752	-68	-1,78%	10.295	10.185	10.031	9.633	9.486	-147	-1,53%
	Servizos	17.404	17.583	17.656	17.512	17.335	-177	-1,01%	55.233	55.848	56.687	56.946	56.254	-692	-1,22%
		Galicia													
		2017	2018	2019	2020	2021	ABS	REL							
TOTAL EMPRESAS	Total	245.658	247.631	248.245	245.660	241.247	-4.413	-1,80%							
	Agricultura e pesca	40.616	41.233	40.945	40.918	39.552	-1.366	-3,34%							
	Industria, incluída a enerxía	14.766	14.712	14.708	14.035	13.703	-332	-2,37%							
	Construción	31.609	31.350	30.883	29.330	28.820	-510	-1,74%							
	Servizos	158.667	160.336	161.709	161.377	159.172	-2.205	-1,37%							
Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.															

A análise das variacións producidas entre 2015 e 2021, con detalle anual ([cadro 2.4c](#)), reflicte fortes variacións en función dos anos. Porén, confirman o protagonismo da provincia pontevedresa no seu pulo de creación de unidades empresariais. A partir de 2014 as maiores variacións ano por ano cando as taxas de creación de empresas son crecentes prodúcense en Pontevedra, mentres que cando as tendencias son decrecentes é precisamente nesta provincia onde a caída é menos intensa ([GRÁFICO 2.7](#)).

CADRO 2.4.C. EVOLUCIÓN Nº EMPRESAS POR PROVINCIA. 2015-2021					
	Nº EMPRESAS				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2015	100.761	37.551	27.205	79.900	245.417
2016	101.083	37.337	27.106	80.764	246.290
2017	100.667	36.904	26.996	81.091	245.658
2018	101.520	37.405	27.120	81.586	247.631
2019	101.609	37.490	26.870	82.276	248.245
2020	99.932	37.300	26.528	81.900	245.660
2021	97.981	36.082	26.299	80.885	241.247
Variación absoluta					
15-16	322	-214	-99	864	873
16-17	-416	-433	-110	327	-632
17-18	853	501	124	495	1973
18-19	89	85	-250	690	614
19-20	-1677	-190	-342	-376	-2585
20-21	-1951	-1218	-229	-1015	-4413
Variación relativa					
15-16	0,32%	-0,57%	-0,36%	1,08%	0,36%
16-17	-0,41%	-1,16%	-0,41%	0,40%	-0,26%
17-18	0,85%	1,36%	0,46%	0,61%	0,80%
18-19	0,09%	0,23%	-0,92%	0,85%	0,25%
19-20	-1,65%	-0,51%	-1,27%	-0,46%	-1,04%
20-21	-1,95%	-3,27%	-0,86%	-1,24%	-1,80%

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

GRÁFICO 2.7. TAXA DE CRECEMENTO INTERANUAL DO Nº DE EMPRESAS POR PROVINCIA. 2008-2022



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

O **cadro 2.5** permite realizar unha análise das empresas atendendo á forma xurídica na que son constituídas, segundo a información fornecida polo Rexistro Mercantil. Os datos de 2022 non presentan importantes cambios en relación co acontecido en anos anteriores, sendo a maioría das empresas (o 55,7%) constituídas como persoa física. Neste sentido, concaténase un período de sete anos onde a porcentaxe de empresas que se constitúen con esta modalidade é ascendente. Tampouco aparece variación na preferencia das sociedades de responsabilidade limitada como fórmula preferente de inscrición das empresas rexistradas como entidades xurídicas (76,5% do total desta modalidade).

CADRO 2.5. EMPRESAS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022

		Total empresas	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Sociedades					Comunidades de bens	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos
					Anónimas	Resp. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas			
ESPAÑA	2016	3.236.582	1.681.838	1.554.744	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.826
	2017	3.282.346	1.747.159	1.535.187	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.863
	2018	3.337.646	1.786.037	1.551.609	78.866	1.181.391	155	81	20.707	116.119	145.405	8.885
	2019	3.363.197	1.847.996	1.515.201	67.546	1.154.289	137	70	20.830	116.391	147.010	8.928
	2020	3.404.428	1.899.810	1.504.618	63.456	1.143.625	125	72	21.111	116.504	150.701	9.024
	2021	3.366.570	1.879.120	1.487.450	60.510	1.134.632	119	72	20.808	113.358	149.002	8.949
	2022	3.430.663	1.912.800	1.517.863	58.860	1.161.848	111	65	21.131	114.621	152.263	8.964
GALICIA	2016	197.538	109.345	88.193	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	85.628	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
	2018	200.801	114.001	86.800	2.884	66.288	6	5	912	6.708	9.590	407
	2019	200.972	115.737	85.235	2.444	64.903	6	2	917	6.710	9.853	400
	2020	197.813	115.612	82.201	2.199	61.891	6	2	947	6.751	10.011	394
	2021	194.657	114.082	80.575	2.062	60.603	4	2	956	6.630	9.927	391
	2022	196.530	115.219	81.311	2.000	61.193	4	2	1.020	6.687	10.027	378
A Coruña	2016	82.156	45.758	36.398	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	34.584	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
	2018	83.313	48.112	35.201	1.193	26.618	5	1	367	1.785	5.051	181
	2019	83.316	48.866	34.450	1.013	26.050	5	1	361	1.852	4.989	179
	2020	81.599	48.779	32.820	889	24.494	5	1	355	1.938	4.961	177
	2021	80.233	48.183	32.050	820	23.900	3	1	347	1.919	4.882	178
	2022	81.161	48.795	32.366	794	24.237	3	1	368	1.967	4.824	172
Lugo	2016	24.353	14.319	10.034	233	7.143	0	0	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	9.900	222	7.187	0	0	158	1.518	756	59
	2018	24.760	14.721	10.039	226	7.288	0	0	155	1.457	855	58
	2019	24.792	14.788	10.004	187	7.206	0	0	153	1.373	1.027	58
	2020	24.432	14.667	9.765	170	6.917	0	0	151	1.339	1.127	61
	2021	24.059	14.514	9.545	163	6.777	0	0	143	1.276	1.126	60
	2022	24.109	14.520	9.589	153	6.809	0	0	141	1.233	1.196	57


CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

	Total empresas	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Sociedades					Comunidades de bens	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos	
				Anónimas	Resp. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas				
Ourense	2016	23.061	13.432	9.629	369	7.073	0	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	9.289	355	7.096	0	4	109	454	1.211	60
	2018	23.291	13.844	9.447	352	7.236	0	4	106	458	1.232	59
	2019	23.166	13.820	9.346	297	7.141	0	1	111	479	1.260	57
	2020	22.682	13.639	9.043	271	6.843	0	1	117	490	1.266	55
	2021	22.322	13.409	8.913	255	6.728	0	1	116	491	1.268	54
	2022	22.373	13.469	8.904	250	6.713	0	1	121	495	1.272	52
Pontevedra	2016	67.968	35.836	32.132	1.190	24.853	2	0	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	31.855	1.146	24.890	1	0	285	2.994	2.430	109
	2018	69.437	37.324	32.113	1.113	25.146	1	0	284	3.008	2.452	109
	2019	69.698	38.263	31.435	947	24.506	1	0	292	3.006	2.577	106
	2020	69.100	38.527	30.573	869	23.637	1	0	324	2.984	2.657	101
	2021	68.043	37.976	30.067	824	23.198	1	0	350	2.944	2.651	99
	2022	68.887	38.435	30.452	803	23.434	1	0	390	2.992	2.735	97

Fonte: INE, DIRCE.

A análise das inscricións de empresas segundo a provincia onde estas se producen confirma o papel protagonista da Coruña e Pontevedra, que son as provincias onde se produce un maior rexistro de sociedades. Esta evolución sintetízase no **GRÁFICO 2.8**.

GRÁFICO 2.8. EVOLUCIÓN DO Nº DE SOCIEDADES EN GALICIA.
2021-2022



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)


En concordancia coa preferencia de inscrición de empresas como persoa física, tamén se consolida a materialización de unidades empresariais sen persoal asalariado (cadro 2.6). En 2022, O 54,1% do total das empresas galegas pertencen a esta categoría (2,5 puntos por baixo da media estatal). A porcentaxe de empresas galegas que teñen entre unha e dúas persoas contratadas (63,11%) é algo superior á media estatal (60,86%). Os datos desagregados por provincias non presentan variacións significativas, consolidándose unha clara tendencia de creación de empresas de tamaño reducido e con escaso volume de persoas traballadoras.

A evolución recente destes datos nos últimos cinco anos amosa que non se rexistran variacións nesta composición estrutural do persoal asalariado, que en correspondencia cos datos previamente comentados localízase fundamentalmente na Coruña e Pontevedra.

Entre 2021 e 2022 aumenta con forza o número de empresas sen persoal asalariado (2.528 máis), acadando un incremento do 2,44% (**GRÁFICO 2.9**).

CADRO 2.6. EMPRESAS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO, POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2016-2022								
		Sen persoal asalariado		Con persoal asalariado				
		Nº	%	Nº	De 1 a 2 (%)	Menos de 10 (%)	Menos de 50 (%)	Máis de 200 (%)
ESPAÑA	2016	1.791.909	55,36	1.444.673	61,99	90,35	98,37	0,36
	2017	1.823.250	55,55	1.459.096	61,28	90,03	98,30	0,38
	2018	1.845.881	55,30	1.491.765	61,05	89,79	98,26	0,39
	2019	1.882.745	55,98	1.480.452	61,13	89,89	98,30	0,40
	2020	1.912.010	56,16	1.492.418	60,79	89,70	98,23	0,41
	2021	1.879.126	55,82	1.487.444	61,87	90,44	98,34	0,41
	2022	1.942.319	56,62	1.488.344	60,86	90,09	98,34	0,40
GALICIA	2016	106.693	54,01	90.845	64,56	92,12	98,78	0,22
	2017	108.134	54,36	90.789	64,16	91,90	98,76	0,24
	2018	108.380	53,97	92.421	64,06	91,74	98,74	0,23
	2019	109.506	54,49	91.466	64,12	91,86	98,74	0,24
	2020	106.511	53,84	91.302	63,49	91,68	98,72	0,25
	2021	103.784	53,32	90.873	64,16	92,17	98,80	0,24
	2022	106.312	54,09	90.218	63,11	91,96	98,80	0,23
A Coruña	2016	45.671	55,59	36.485	64,43	91,62	98,51	0,32
	2017	46.038	55,87	36.365	63,95	91,48	98,51	0,34
	2018	45.970	55,18	37.343	64,03	91,41	98,53	0,35
	2019	46.387	55,68	36.929	64,09	91,59	98,59	0,30
	2020	44.725	54,81	36.874	63,60	91,39	98,57	0,33
	2021	43.584	54,32	36.649	64,01	91,88	98,66	0,32
	2022	44.741	55,13	36.420	62,99	91,61	98,65	0,30
Lugo	2016	12.781	52,48	11.572	65,12	93,48	99,32	0,09
	2017	13.021	53,04	11.528	65,66	93,42	99,32	0,10
	2018	13.021	53,04	11.672	65,26	93,09	99,26	0,09
	2019	13.219	53,32	11.573	65,23	93,20	99,27	0,12
	2020	12.956	53,03	11.476	64,85	93,05	99,21	0,13
	2021	12.649	52,57	11.410	65,51	93,51	99,29	0,13
	2022	12.862	53,35	11.247	64,67	93,39	99,25	0,14
Ourense	2016	12.404	53,79	10.657	66,85	93,39	99,06	0,16
	2017	12.549	54,23	10.591	66,51	93,00	99,07	0,15
	2018	12.505	53,69	10.786	66,56	92,98	99,10	0,14
	2019	12.543	54,14	10.623	67,01	93,34	99,15	0,15
	2020	12.099	53,34	10.583	66,23	93,21	99,13	0,15
	2021	11.827	52,98	10.495	67,23	93,69	99,15	0,15
	2022	12.064	53,92	10.309	66,04	93,49	99,15	0,15
Pontevedra	2016	35.837	52,73	32.131	63,73	91,76	98,81	0,18
	2017	36.526	52,73	32.305	63,08	91,47	98,74	0,20
	2018	36.817	52,73	32.620	62,83	91,23	98,68	0,19
	2019	37.357	52,73	32.341	62,82	91,21	98,58	0,23
	2020	36.731	52,73	32.369	61,98	91,04	98,59	0,23
	2021	35.724	52,73	32.319	62,86	91,53	98,66	0,21
	2022	36.645	53,20	32.242	61,77	91,37	98,69	0,22
Fonte: INE, DIRCE.								

GRÁFICO 2.9. VARIACIÓN RELATIVA ANUAL DE EMPRESAS POR ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA 2010-2022



O [cadro 2.7a](#) permite observar onde se atopan estas persoas traballadoras, segundo os datos rexistrados en 2021 (último ano dispoñible). O sector de comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas aglutina a meirande parte de empresas con persoal asalariado (19,6% do total de empresas nesta categoría), seguido das empresas do sector primario (16,4%), do sector da construción, das dedicadas a actividades profesionais, científicas e técnicas (11,9% e 9,7% do total, respectivamente). En conxunto, a metade do persoal asalariado está empregado nalgún destes catro sectores de actividade.

Así mesmo, a dita desagregación amosa que a industria manufactureira concentra a meirande parte de empresas de tamaño relativamente grande, e moi especialmente as que teñen máis de 50 e 250 persoas traballadoras. Pola súa banda, as empresas no sector de administracións públicas, defensa e seguridade social (grupo O) presentan un maior tamaño medio relativo.

Os cambios producidos entre 2020 e 2021 ([cadro 2.7b](#)) reflicten que o maior descenso prodúcese nas empresas que teñen menos de dúas persoas traballadoras (60,8%), en correspondencia cos datos previamente comentados. Entre estes datos, chama a atención a caída das empresas do sector primario e no sector de comercio polo miúdo e no da construción.

CADRO 2.7A. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2021

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	38.166	1.097	274	15	0
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	129	48	46	4	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	8.445	2.495	1.434	336	48
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	373	43	11	4	0
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	174	50	51	10	2
F CONSTRUCIÓN	25.338	2.613	786	80	3
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	39.552	6.145	1.454	104	17
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	10.004	1.236	591	75	6
I HOSTALARÍA	14.736	3.756	576	24	2
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	2.644	299	152	31	5
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4.614	255	40	4	1
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	7.171	223	16	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	21.268	1.682	414	43	5
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	6.098	609	278	60	19
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	11	21	194	165	24
P EDUCACIÓN	6.248	717	339	67	8
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	7.390	1.028	389	107	24
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENEMENTO	5.476	485	177	21	2
S OUTROS SERVIZOS	10.837	1.063	157	12	1
TOTAL	208.674	23.865	7.379	1.162	167

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

CADRO 2.7B. EMPRESAS E UNIDADES LOCAIS SEGUNDO ESTRATO DE PERSOAL ASALARIADO. GALICIA. 2020-2021					
	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	-1.330	-28	-9	2	-1
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	-12	-9	1	1	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	-202	-32	-50	-12	-2
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	-9	2	1	0	0
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	-8	-5	4	0	0
F CONSTRUCCIÓN	-593	88	-3	-3	1
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	-1.209	-111	-48	-6	-2
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	252	20	10	1	-2
I HOSTALARÍA	174	-867	-257	-8	-1
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	40	-4	10	1	0
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	-70	16	1	0	0
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	-6	-17	1	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	-147	-24	10	-3	1
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	122	-4	-13	-4	2
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	-2	1	-3	-2	2
P EDUCACIÓN	-37	-55	-43	-10	1
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	-131	11	6	1	-1
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENEMENTO	162	-60	-34	-10	1
S OUTROS SERVIZOS	319	-160	-17	-2	0
Total	-2.687	-1.238	-433	-54	-1

Fonte: IGE, explotación do Directorio de empresas e unidades locais.

O [cadro 2.8](#) recolle a distribución porcentual das empresas galegas -con desagregación provincial- e en media estatal segundo teñan ou non persoal asalariado. Os resultados para 2022 non introducen variacións significativas nas tendencias previamente destacadas. En concreto:

- A porcentaxe de empresas galegas con persoal asalariado diminúe lixeiramente nas catro provincias galegas, ao igual que no contexto estatal.
- A participación das empresas sen persoal asalariado en Galicia é lixeiramente inferior á rexistrada na media do Estado.
- En 2022 Ourense é provincia que reflicten unha maior variación na participación de empresas con persoal asalariado.

CADRO 2.8. % EMPRESAS CON E SEN PERSOAL ASALARIADO. GALICIA E PROVINCIAS, ESPAÑA. 2000-2022												
	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
2000	45,4%	54,6%	46,1%	53,9%	44,0%	56,0%	46,2%	53,8%	43,8%	56,2%	49,5%	50,5%
2001	46,7%	53,3%	47,7%	52,3%	45,6%	54,4%	48,4%	51,6%	45,5%	54,5%	51,0%	49,0%
2002	47,4%	52,6%	49,3%	50,7%	48,1%	51,9%	49,4%	50,6%	46,4%	53,6%	51,8%	48,2%
2003	48,1%	51,9%	49,6%	50,4%	47,6%	52,4%	50,2%	49,8%	47,3%	52,7%	52,7%	47,3%
2004	49,0%	51,0%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,3%	51,7%	54,0%	46,0%
2005	48,6%	51,4%	50,6%	49,4%	48,2%	51,8%	51,4%	48,6%	48,8%	51,2%	53,9%	46,1%
2006	49,1%	50,9%	50,9%	49,1%	48,6%	51,4%	51,7%	48,3%	49,0%	51,0%	54,0%	46,0%
2007	48,9%	51,1%	50,6%	49,4%	48,3%	51,7%	51,5%	48,5%	48,9%	51,1%	53,6%	46,4%
2008	48,7%	51,3%	50,8%	49,2%	48,6%	51,4%	51,4%	48,6%	49,0%	51,0%	53,8%	46,2%
2009	47,3%	52,7%	49,8%	50,2%	47,5%	52,5%	50,5%	49,5%	48,1%	51,9%	52,9%	47,1%
2010	46,1%	53,9%	48,7%	51,3%	46,5%	53,5%	49,9%	50,1%	47,4%	52,6%	51,4%	48,6%
2011	44,8%	55,2%	47,5%	52,5%	44,9%	55,1%	49,1%	50,9%	47,2%	52,8%	50,3%	49,7%
2012	44,8%	55,2%	47,3%	52,7%	45,1%	54,9%	48,5%	51,5%	46,8%	53,2%	49,8%	50,2%
2013	46,6%	53,4%	48,8%	51,2%	47,0%	53,0%	50,2%	49,8%	48,1%	51,9%	50,8%	49,2%
2014	46,4%	53,6%	48,4%	51,6%	46,6%	53,4%	49,7%	50,3%	47,8%	52,2%	50,4%	49,6%
2015	45,0%	55,0%	46,5%	53,5%	44,9%	55,1%	48,0%	52,0%	46,4%	53,6%	48,1%	51,9%
2016	44,6%	55,4%	46,0%	54,0%	44,4%	55,6%	47,5%	52,5%	46,2%	53,8%	47,3%	52,7%
2017	44,5%	55,5%	45,6%	54,4%	44,1%	55,9%	47,0%	53,0%	45,8%	54,2%	46,9%	53,1%
2018	44,7%	55,3%	46,0%	54,0%	44,8%	55,2%	47,1%	52,9%	46,3%	53,7%	47,0%	53,0%
2019	44,0%	56,0%	45,5%	54,5%	44,3%	55,7%	46,7%	53,3%	45,9%	54,1%	46,4%	53,6%
